



Secretaría Xeral
Negociado.02

**DON JOSÉ RODIL VEIGA, SECRETARIO XERAL EN FUNCIÓNS DO EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO (Lugo),**

CERTIFICO:

Que o Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada o día **15 de xuño de 2011** adoptou entre outros o seguinte acordó:

2011/07/50.-DETERMINACIÓN DE CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO.

Pola Alcaldía-Presidencia dase conta da proposta da mesma, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE DETERMINACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE RIBADEO.

En relación coa determinación do cadro de persoal eventual do Concello de Ribadeo, de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. O número, denominación e retribución do persoal eventual do Concello de Ribadeo será o seguinte:

Número	Denominación e categoría	Retribución mensual	Adicación
1	Secretario/a particular da Alcaldía. Categoría: Administrativo	1.605,51 Euros, incluídos todos os conceptos	Exclusiva

2º. As retribucións do persoal eventual se devengarán dende o momento de aceptación do cargo pola persoa nomeada, e se incrementarán anualmente de xeito automático co IPC, séndolle de aplicación asimismo as prestacións complementarias de que gocen os empregados públicos do Concello de acordo co Convenio Colectivo, por analogía.

3º. O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.”

Empeza o turno de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández Concelleiro do PSdG-PSOE, que manifesta que vai votar en contra, xa que con anterioridade o Sr. Alcalde argumentaba e xustificaba a secretaria particular no feito de que só eran catro no equipo de goberno e necesitaban ese reforzo, pero que agora son sete membros, e é previsible e posible que algún dos concelleiros do equipo de goberno poida quedar liberado como sucedeu o ano pasado, entón con cambiar a denominación e en vez de ser secretaria particular de alcaldía pode ser xefe do “staff” ou xefe do gabinete do alcalde calquera dos concelleiros presentes, sobre todo aqueles que están xubilados, tendo en conta a vocación que todo o mundo ten, ou como concelleiro liberado e, en todo caso, pode ser o xefe do gabinete do alcalde, con o cal se aforraba unha persoa. Manifesta que polo tanto votará en contra.

Intervén despois o Sr. Rivas Álvarez, Concelleiro de UPRI, que expón que nos puntos seguintes se baixa a porcentaxe por asistencia a sesións, comisións, a grupos políticos, entón





EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO
C.I.F.: P-2705100-B

tamén lle parece ben que se supriman gastos que se podían cubrir doutra maneira, que se están por aforrar considera que este é un gasto superfluo. Di que houbo alcaldes con 7 ou 8 concelleiros que non necesitaron secretaria particular e cre que, se antes se xustificaba dicindo que eran catro, agora con máis considera que segue máis do mesmo e que non se aforra no "staff" do alcalde, polo que vai votar en contra.

O Sr. Valín Valdés, do grupo municipal do PP, expón que o seu grupo vaise abster nese tema, xa que na campaña electoral mantiveron que se foran goberno non terían secretaria particular, pero considera que é unha proposta de alcaldía, do grupo de goberno e por iso se absteñen.

O Sr. Alcalde explica que aínda que antes eran catro e agora sete, que o fan co ánimo de seguir prestando o mellor servizo á cidadanía, que un concello coma este necesita estar representado fora e dentro, e que por máis xente xubilada que de boa fé poida traballar, que non ten vocación de estar en horario completo, non sabe se pode haber máis liberados fóra ou non, pero en todo caso todos van facer o mellor de sí e Ribadeo require seguir tendo un persoal de apoio ao alcalde para contribuir a dar e a incrementar servizos á cidadanía.

Previa deliberación, por sete votos a favor (do Concelleiros do BNG), dous en contra (dos concelleiros do PS de G-PSOE e UPRI) e catro abstencións (dos concelleiros do PP) se acorda, en relación coa determinación do cadro de persoal eventual do Concello de Ribadeo, de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, a adopción do acordo que se cita:

1º. O número, denominación e retribución do persoal eventual do Concello de Ribadeo será o seguinte:

Número	Denominación e categoría	Retribución mensual	Adicación
1	Secretario/a particular da Alcaldía. Categoría: Administrativo	1.605,51 Euros, incluídos todos os conceptos	Exclusiva

2º. As retribucións do persoal eventual se devengarán dende o momento de aceptación do cargo pola persoa nomeada, e se incrementarán anualmente de xeito automático co IPC, séndolle de aplicación asimismo as prestacións complementarias de que gocen os empregados públicos do Concello de acordo co Convenio Colectivo, por analoxía.

3º. O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

E para que conste expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Ribadeo a 5 de febreiro de 2015.

Vº e Pr.

O Alcalde,

